

Á MESA DO PARLAMENTO

Juan Manuel Fajardo Recouso, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

Durante o mes de setembro, o conxunto de confrarías da Ría de Arousa mantiveron un calendario de xuntanzas e asembleas para reivindicar actuacións concretas e urxentes sobre a rías de Arousa, e concretamente sobre os bancos de libre marisqueo para poder salvar a campaña do 2015 e garantir o futuro dos produtos nas vindeiras.

Estas reivindicacións que ían dende a rexeneración ata un proxecto amplo de saneamento do conxunto da ría, contiñan ademais a necesidade de establecer axudas sociais e produtivas para os casos de falla de produto.

Durante o pasado xoves 17 mantívose unha xuntanza entre a consellería e o sector, no que se abordaron todas estas cuestións e acadouse un principio de acordo que a día de hoxe aínda non é público.

Por todo isto, **Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en **Pleno**:

Cales son as propostas concretas da Consellería ao espreito das reivindicacións do sector do mar da ría de Arousa acordadas con eles nas xuntanzas establecidas no mes de setembro?

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2015.



Asdo.: Juan M. Fajardo Recouso

Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 21/09/2015 18:54:40